

NORMATIVA DE CAMBIO DE QUENDA DA FACULTADE DE DEREITO

(APROBADA POLA COMISIÓN DE DOCENCIA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2018 E POLA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO O DÍA 25 DE ABRIL DE 2018)

Os vixentes estudos de grao e mestrado supoñen esixencias nas metodoloxías educativas que obrigan a unha rigorosa planificación do labor docente por parte do Centro. Dentro dos requirimentos que cómpre observar está a distribución dos alumnos nos grupos respectando os tamaños que a normativa académica impón en cada caso.

O artigo 7 do Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, dispón que os estudantes teñen dereito a unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida laboral e familiar, así como o exercicio dos seus dereitos polas mulleres vítimas da violencia de xénero, na medida das dispoñibilidades organizativas e orzamentarias da universidade. O artigo 8 do mesmo Real Decreto, ademais, establece o dereito a elixir grupo de docencia, se é o caso, nos termos que dispoña a Universidade, de forma que se poida conciliar a formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares, e especificamente para o exercicio dos dereitos das mulleres vítimas da violencia de xénero.

A presente normativa ten por obxecto facilitar a conciliación da formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares e regular os cambios de quenda para aqueles alumnos que teñan un réxime de dedicación ao estudo a tempo completo. Preténdese así dar resposta a aqueles supostos nos que o estudantado, por circunstancias alleas á propia organización académica, non está en condicións de cursar as ensinanzas nas quendas asignadas e solicita o cambio para compatibilizar os seus estudos universitarios coas súas circunstancias laborais, persoais ou familiares.

A aplicación da normativa de cambio de quenda estará en todo caso condicionada ao interese xeral derivado do obxectivo de calidade e mellora da docencia de acordo cos requirimentos derivados da normativa académica vixente.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A presente normativa ten por obxecto regular os cambios de quenda dos alumnos que teñan un réxime de dedicación ao estudo a tempo completo.
2. Será de aplicación aos alumnos matriculados nos diferentes títulos oficiais que se imparten na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

CAPÍTULO II

Modalidades de cambio de quenda

Artigo 2. Cambio de quenda por permuta

Os alumnos dunha mesma titulación e curso e distinta quenda poderán solicitar o cambio de quenda sen causa xustificada mediante o sistema de permuta por acordo dos estudantes interesados nos termos previstos na presente normativa.

Artigo 3. Cambio de quenda por causa xustificada

1. En defecto de acordo entre os estudantes, o cambio de quenda terá carácter excepcional e estará supeditado a que concorran as circunstancias contidas na presente regulación e ao feito de que a organización docente non sofra alteracións relevantes no tocante ao tamaño do conxunto dos grupos do centro.

2. Entenderase alteración relevante toda aquela que sexa superior ao 10% do número de alumnos por grupo.

Artigo 4. Causas xustificadas

1. Con carácter preferente son motivos para solicitar o cambio de quenda os seguintes: o desempeño de actividades laborais, o estado de saúde, a práctica de actividades deportivas de alto nivel e a condición de vítima de violencia de xénero, nos termos recollidos na presente normativa.

2. Asemade, poderanse tomar en consideración como causas para solicitar o cambio de quenda as relativas ao transporte público, incompatibilidade horaria, actividades de ensino artístico-musical, motivos familiares e práctica de actividades deportivas, nos termos recollidos na presente normativa.

Artigo 5. Motivos laborais

1. Terá a consideración de motivos laborais o desempeño por parte do estudante dun traballo por conta allea nun mínimo de dez horas semanais coincidentes co horario da quenda correspondente.

2. A efectos de xustificación, deberá achegarse a seguinte documentación coa solicitude:

a) Contrato de traballo en vigor, con data anterior ao inicio de ano académico correspondente, e certificado acreditativo de vida laboral da Seguridade Social, onde se acredite unha antigüidade mínima dun mes no traballo actual.

b) Certificado da empresa onde figure o horario da xornada laboral que debe realizar o estudante.

Artigo 6. Motivos de saúde

1. Entenderase por motivos de saúde o padecemento polo estudante dunha enfermidade ou o recoñecemento da condición de persoa con discapacidade que lle impida cursar os seus estudos na quenda correspondente.

No caso de tratamentos ou rehabilitacións requirirase que lle impidan asistir, cando menos, ao 50% das aulas correspondentes á quenda asignada.

2. A efectos de xustificación, deberá achegarse a seguinte documentación coa solicitude:

a) Certificado oficial que acredite a enfermidade ou a discapacidade do estudante e a necesidade de horarios especiais para a súa recuperación.

b) No caso de procesos de rehabilitación ou tratamento médico, certificado médico oficial do tratamento seguido e da súa duración e coincidencia co horario das aulas.

Artigo 7. Práctica de actividades deportivas de alto nivel

1. Entenderase por actividades deportivas de alto nivel unicamente as practicadas por quen teña a condición de deportista de alto nivel ou de elite.

2. A efectos de xustificación, deberá achegarse coa solicitude o correspondente certificado do Consello Superior de Deportes ou organismo equivalente ou a resolución do Boletín Oficial do Estado ou Diario Oficial correspondente.

Artigo 8. Violencia de xénero

1. Entenderase causa xustificada para solicitar o cambio de quenda, a condición de vítima de violencia de xénero.

2. A efectos de xustificación, deberá achegarse coa solicitude a orde de protección a favor de vítima. Excepcionalmente será título de acreditación da devandita situación o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero ata que se dite a orde de protección.

Artigo 9. Transporte público

1. É causa de solicitude de cambio de quenda a utilización dun medio de transporte público que teña un horario de funcionamento que impida a normal asistencia ás aulas na quenda inicialmente asignada.

2. A efectos de xustificación, deberá achegarse a seguinte documentación coa solicitude:

a) Documento oficial de empadramento do solicitante.

b) Horario das liñas de autobuses ou ferrocarrís que realicen o percorrido dende/até o enderezo do estudante.

Artigo 10. Incompatibilidade horaria

1. A coincidencia horaria noutros cursos poderá ser tida en conta como causa xustificada do cambio de quenda en relación con estudantes que teñan materias solapadas en horarios de cursos consecutivos (1º e 2º, 2º e 3º, 3º e 4º) mais, en ningún caso, por coincidencia en cursos non consecutivos (1º e 3º, 2º e 4º, 1º e 4º).

2. A efectos de xustificación, deberá achegarse o resguardo da matrícula.

Artigo 11. Actividades de ensino artístico-musical

1. É causa de solicitude de cambio de quenda a asistencia a unha actividade oficial de ensino artístico-musical nun mínimo de dez horas semanais co horario da quenda correspondente.

2. A efectos de xustificación, deberá achegarse certificado oficial expedido polo Centro de Estudos Artísticos Oficiais onde se faga constar de xeito expreso o horario de clases do estudante e a imposibilidade de asistir noutro horario.

Artigo 12. Motivos familiares

1. Terán a consideración de motivos familiares as circunstancias que determinen a dedicación do estudante ao coidado dun familiar dependente (cónxuxe, familiar ata segundo grao de consanguinidade ou familiar menor 12 anos de idade) nun mínimo de dez horas semanais coincidentes co horario da quenda correspondente.

2. A efectos de xustificación, deberá achegarse a seguinte documentación coa solicitude:

- a) Resolución do servizos sociais onde se recolla a situación de dependencia familiar ou libro de familia no caso de menores de idade.
- b) Certificado de empadramento e de convivencia familiar no enderezo da persoa dependente ou menor.
- c) Documento dos servizos sociais onde se exprese que o estudante é a única persoa que pode atender á persoa dependente (ou menor) no horario coincidente ou horario de traballo das persoas que convivan co suxeito dependente, do que se deduza claramente que o estudante é a única persoa que se pode ocupar do coidado.

Artigo 13. Práctica de actividades deportivas

- 1. Sen prexuízo do disposto no artigo 7, a realización dunha actividade deportiva que non sexa de alto rendemento tamén poderá ser tida en conta como causa xustificada do cambio de quenda.
- 2. A efectos de xustificación, deberá achegarse a seguinte documentación coa solicitude:
 - a) Licenza federativa da disciplina deportiva que practique.
 - b) Certificado expedido polo club deportivo ou entidade debidamente inscrita na federación deportiva no que se indique de xeito expreso o horario de adestramento e/ou competición.

CAPÍTULO III *Procedemento*

Artigo 14. Solicitude

- 1. A solicitude de cambio de quenda presentarase na Secretaría do Decanato polo interesado mediante instancia dirixida ao Sr./Sra. Decano/a, no prazo que se indique ao efecto en cada curso académico, dentro das dúas primeiras semanas. Ademais, o Decanato do Centro fixará un prazo adicional para as solicitudes dos estudantes que se matriculen con posterioridade ao inicio das aulas.
- 2. Nos casos de permuta deberá presentarse unha solicitude debidamente cumprimentada polos estudantes interesados coa copia da matrícula na que aparezan todas as materias. Se o estudante estivese matriculado en varios cursos e quixer permutar en todos eles deberá presentar unha solicitude distinta por cada curso.
- 3. Fóra dos supostos de permuta, a instancia deberá indicar o cambio de quenda solicitado e incluír a documentación xustificativa necesaria.

Artigo 15. Resolución das peticións

- 1. A resolución dos cambios de quenda é competencia da Comisión de Docencia, que resolverá nun prazo máximo de 48 horas desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- 2. Serán rexeitadas as solicitudes presentadas fóra de prazo e as que non xustifiquen debidamente a causa alegada.
- 3. Se o número de solicitudes fose maior que o de prazos dispoñíbeis, as situacións previstas nos artigos 4 a 7 terán preferencia. No caso de que as solicitudes presentadas non puidesen ser atendidas por supor unha alteración relevante nos termos do artigo 3.2,

os estudantes serán seleccionados en función da nota media do seu expediente ou da nota de acceso para estudantes de primeiro curso.

4. O cambio de quenda suporá o cambio global para todas as materias en que estea matriculada a persoa solicitante.

5. A resolución de cambio de quenda será comunicada a través da súa publicación na páxina web institucional e no taboleiro da Administración do Centro.

6. A resolución de cambio de quenda poderá recorrerse ante o Decano/a da Facultade no prazo de 5 días hábiles desde a súa publicación. Así mesmo, a resolución do/a Decano/a será recorrible en vía administrativa, a través da interposición do recurso de alzada ante o Reitor da Universidade da Coruña.

Disposición Derradeira. Entrada en vigor

A presente normativa entrará en vigor, tras a súa aprobación pola Xunta de Facultade, ao día seguinte da súa publicación na web institucional da Facultade de Dereito.